



Libros infantís e xuvenís de coñecementos



Animales del bosque

Sara Sheppard. Juventud
O bosque é un lugar fascinante onde habitan moitos animais. Nas árbores, no chan, incluso baixo terra viven seres moi interesantes e a súa vida transcurre no bosque, no que nacen, dormen, xogan e loitan por sobrevivir. Un libro cheo de ilustracións que fascinará aos máis pequenos.



Antoni Gaudí

Dàlia Adillon Marsó. Kalandraka
Biografía sinxela sobre Antoni Gaudí na que teñen un papel moi importantes as ilustracións.



Los Beatles

Mick Manning e Brita Granström. Ekaré
Historia da mítica banda inglesa dirixida a nenos e nenas, con numerosas ilustracións e algunhas viñetas.



Dibujo para artistas por descubrir

Quentin Blake e John Cassidy. Catapulta.
Xenial libro para gozar debuxando coa xente miúda da familia, e inclusive para os/as que non o son tanto. O súper-coñecido Quentin Blake nunha obra que abraia, como todas as súas.



Emocionario

Cristina Núñez Pereiro e Rafael R. Valcárcel.
Palabras aladas
Obra que permite desenvolver a intelixencia emocional do neno e da nena, algo que será a clave para a súa autoaceptación e un desenvolvemento psicoevolutivo san.



Un mundo de juegos

Ángels Navarro. Ilustracións de Jordi Sunyer. Combel
Máis de 80 xogos de cálculo, lóxica e razoamento para superar retos e exercitar a mente.



Será correcto?

Concha Blanco e María Canos. Ilustracións de Paula Mayor.
Hércules de Ediciones
Guía divertida e sinxela, de fácil lectura e manexo e que seguramente axudará a sacar ao lector de máis dun apuro. Dirixida a pais, docentes, adultos... pero tamén aos nenos e ás nenas, xa que é mellor aprender bos modais de pequenos/as.



El sonido de los colores: los colores y sonidos del arte abstracto de Kandinsky

Barb Rosenstock. Ilustracións de Mary Grandpré. Juventud
Pequena biografía sobre o pintor destacando o máis importante da súa pintura: a cor. Preciosas ilustracións.

Zoóptica ¿sabes cómo ven los animales?

Guillaume Duprat. SM
Fantástico libro que nos mostra que diferente pode ser o mundo dependendo dos ollos que o miren.



DVD infantil e xuvenil



El alucinante mundo de Norman

Chris Butler. Universal
O protagonista de 'El alucinante mundo de Norman' é un neno solitario, afeccionado ao cine (encántanlle as historias de zombis), que ten una curiosa relación cos mortos e será o salvador do seu pequeno pobo. Norman é aparentemente un neno normal ao que se lle encomenda unha tarefa moi, moi complicada...



El cascanueces

Andrei Konchalovsky. Paramount
Moito máis que un conto infantil! Esta película ten xoguetes que cobran vida, aventuras, acción... O conto de fadas de Hoffman serve de base para contarnos a sociedade da Viena dos anos 20 a través de Mary, unha nena de nove anos, que aparentemente vai vivir un Nadal convencional, cando un crebanoces...



Los Croods

Dirixida por Chris Sanders e Kirk DeMico. Animación. DreamWorks
Unha divertida comedia de aventuras prehistóricas, chea de criaturas fantásticas, paisaxes increíbles e personaxes inesquecibles.



Cuentos de Terramar

Goro Miyazaki. Aurum
Preciosa película de animación, conta co selo do Studio Ghibli, sempre un dato que nos avala calidade indiscutible. Baseada nunha obra da coñecida escritora Ursula K. Le Guin, introducéonos nun mundo de maxia e dragóns con moitas aventuras fantásticas.



Un monstruo en París

Bibo Bergeron. Karma Films
París é o telón de fondo desta película de animación. Emile, un proxeccionista de películas, o seu amigo Raoul, e a cantante Lucille uníranse a un científico e a un mono para defender a unha estraña criatura dos cidadáns que viven aterrorizados por este suposto "monstro".



El oso Yogui

Eric Brevig. Warner Bros.
Hai que evitar a toda costa que o parque Jellystone se peche. Un cobizoso alcalde decide vendelo, o que significa que Yogui e Boo Boo quedarán sen casa. E as familias da cidade sen o seu lugar de contacto coa natureza. Atoparán a maneira de evitar o peche definitivo do parque os dous lendarios osos da serie de televisión?

Selección bibliográfica realizada polo persoal do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

- * Biblioteca Central Rialeda. Perillo
- * Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz
- * Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera
- * Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda
- * Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros
- * Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós
- * Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @ bibloleiros

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Biblioteca Central Rialeda
Avda. Rosalía de Castro, 227A
15172 Perillo - Oleiros
Tel.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 2296-2016



Bibliotecas Públicas Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e Normalización Lingüística



Bibliotecas Públicas Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

Compartindo lecturas

Guía para nenas e nenos de 6 a 12 anos



Nestas datas de alegría e agasallos, desde as Bibliotecas Municipais de Oleiros desexamos lembrar que un libro tamén é un bo regalo, polo que ofrecemos esta guía de lectura cunha selección de títulos que nos fan sorrir, emocionar e reflexionar, coa intención de que as nenas e os nenos pasen momentos agradables coa lectura en compañía dos seus pais, nais, irmáns ou outras persoas maiores.

Libros e películas que hai nas bibliotecas municipais e que poden levar en préstamo para as súas casas. Animamos a que as visiten, utilicen o servizo de préstamo e gocen coa lectura.



Libro-disco

A bruxa discordia

Mamá Cabra. Carmen Gil. Galaxia

Discordia é feliz destruíndo a Paz, facendo que todos os animais, e os humanos, se leven mal. Un día vai acontecer algo que cambiará o seu mundo, e o mundo enteiro, para sempre.



Poesía infantil e xuvenil

Bechos pequerrechos

María Lires. Galaxia


A araña Renata, Galileo Caracol e outros lévannos por un paseo poético de grande contido estético.



Cantarolas

Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas. Ilustracións de Leandro Lamas. Kalandracka

Clásico da literatura infantil galega. Versos e cantos, de temática tradicional, para a infancia. Destacan as preciosas ilustracións que acompañan ao verso.



Con el ojo de la i

Mar Benegas. Ilustracións de Olga Capdevila. A buen paso. Poesía e xogo coas palabras.



Coller as rendas

Yolanda Castaña. Ilustracións de Xosé Tomás. Xerais
O ourizo cacho, a vaca, o porco teixo, o sapo, a cascuda, a carracha... todos estes animalíños, cada un deles, teñen un camiño por trazar. Cal ser?



Poemas birrollos para ler cos ollos

Fran Alonso. Xerais.

Libro de poesía infantil que parte dunha concepción lúdica, divertida e transgresora da poesía.

Sueños para Ada

Jesús Aguado. Ilustracións de Valentí Gubianos. Hiperión
O autor, Premio Hiperión 1990 con *Los amores imposibles*, réndelle homenaxe a súa filla Ada, un soño feliz feito realidade.



Libros para nenas e nenos de 6 a 8 anos

A veces mis padres se enfadan

Dagmar Geister. Juventud

O conflito entre pais ou amigos explicado dun xeito simple e pedagóxico.



Amizades secretas

Agustín Fernández Paz. Rodeiro

Beatriz será a encargada de poñer o punto de imaxinación nas tarefas cotiás da familia cando chegan a súa nova casa, e sobre todo cando coñece á ratiña Ollos Grandes. Súa nai descobre a súa afección polo queixo galego, o que non sabe é que toda a familia de Ollos Grandes se alimenta gracias a Beatriz...



Axente Riciños

El Hematocritico; ilustracións de Alberto Vázquez. Xerais.

Riciños de Ouro é a nena máis curiosa do bosque. Como detective non ten rival, sempre atenta a todos os detalles; e se necesitas a súa axuda so tes que facer un aceno.



A avoa adormecida

Roberto Parmeggiani. Ilustracións de João Vaz de Carvalho. Kalandracka

Esta historia ponnos diante dun momento decisivo da existencia. Contado con sinxeleza e delicadeza, explica que os nosos maiores han de irse dun momento a outro.



Balea

Fernández & González. Kalandracka

A mellor forma de viaxar polo fondo do mar é este aparello deseñado como novo sistema habitacional e de transporte. Unha gran ilustración sen texto e cun formato orixinal.




A burra Ramona

Paula Carballeira; ilustracións de Xosé Tomás. Baía
A burra Ramona xa estaba farta de traballar, comer e durmir, agora quería voar. Miraba ao ceo e preguntábase que se sentiría. Así que sentou e alí quedou, e o señor Xosé, o seu dono, como non tiña forma de facer que Ramona fora cara adiante nin cara atrás, decidiu ficar alí con ela. Pero Ramona sentara no medio do camiño por onde tiña que pasar a xente, así que ninguén podía pasar...

Catálogo de padres para niños que deseen cambiarlos

Claude Ponti. Corimbo

Libro moi enxeñoso e irónico para nenas/os que queiran cambiar de nais/pais. Son un total de 35 tipos de proxenitores a escoller entre os que hai de todo. Sempre con dereito a devolución e a recuperar os orixinais.



Catro cascarolos

Marilar Aleixandre. Ilustracións de Enjamio. Xerais
Catro caracoliños que eran irmáns vivían nunha cidade, na Alameda, entre as raiceiras dun gran loendro. Pero un día chegaron os obreiros e comezaron a cubrir os camiños do parque con lousas de pedra, cemento...



O conto dos silencios

Silvia Pazos Hermida. Baía

Mostra as vivencias de Luv, un neno xordo que vive maxinado na cidade das Quintas na que todo está relacionado coa música. Os habitantes son todos músicos de grandes orellas que cando están preocupados soen cantar ou tocar.



O día que choveu do revés

María Canosa. Ilustracións de Dani Padrón. Xerais

Por culpa de tanto chover a Vila de Portoseco quedou asolagada. Como ían solucionar? pensarán as nubes...



Letras al carbón

Texto Irene Vasco. Ilustracións de Juan Palomino. Juventud
Fermoso álbum ilustrado que nos achega á realidade social de Colombia e nos fala da importancia da alfabetización como un dereito básico para todas as persoas. Acontece en Palenque, unha localidade colombiana, de poboación afroamericana, na que a maioría da poboación non sabía nin ler nin escribir, excepto o tendeiro e fálanos dunha nai que lle di á súa filla que lle encanta que saiba ler e escribir e cóntalle como aprendeu ela...



A nai da nai da miña mamá

Alejandra Schmidt Urzúa. Ilustracións Mª José Olavarría Madariaga. Hércules

Dous contos nun. Unha historia con dous puntos de vista, dunha nena e a súa bisavoa, que comparten un mundo e amor similar.




Libros para nenas e nenos de 8 a 10 anos

Albert


Ole Lund Kirkegaard. Sushi books

Páxinas cheas de trasnadas e moita diversión onde as/os pequenas/os son as/os protagonistas. Historias deliciosas e cheas de humor dun autor que escribiu sobre temas como a familia, a amizade, o coleio, etc.




Cama e conto

Texto de Gonzalo Moure. Ilustracións de Lucía Serrano. Xerais
Narra a historia de Malva, unha nena moi esperta e chea de imaxinación que debece porque chegue o momento en que súa nai lle le un conto antes de durmir. Con cada historia, Malva, é quen de imaxinar mundos de maxia e fantasía onde todo é posible...



Un furacán chamado Otilia

Unha idea estupenda, que fará pensar a calquera nai ou pai con fillas/os nesas idades en que queremos que collan autonomía e fagan cousas por elas/es soas/sós.



Malala: una niña valiente de Pakistán; Iqbal: un niño valiente de Pakistán

Jeanette Winter. Juventud

Malala e Iqbal son dous nenos do Paquistán con vidas moi duras. O relato das mesmas é un exemplo de superación.



Rato Solteiro

Paco Liván. OQO

A partir dun conto tradicional africano

Rato solteiro era leñador. Un día, unha rapaza inventouno a comer e desafiouno a unha carreira: «se me pillas, caso contigo». Cando xa estaba a piques de atrapala, a rapaza tirouse ao río e Rato foi detrás. No fondo do río, nun mundo marabilloso escondíase a Raiña das Augas que lle dixo que se dentro de tres días era capaz de recoñecer á rapaza, casaría con ela. Como a podería recoñecer?

El robo de las aes

Gonzalo Canal Ramirez. Ilustracións de Peli. Ekaré

A fermosa historia dun neno que axuda a seu pai. O xornal do lugar que transmite noticias e a curiosa desaparición dunha vocal. Por que? Le a historia completa!

Teño uns pés perfectos

María Solar. Ilustracións de Gusti. Kalandracka

Os pés teñen moitas curiosidades que de seguro non sabes. Para aprender sobre esta parte do corpo tan importante recomendamos ler este libro cos pés descalzos.



Los trapiés de Alicia Paf

Gianni Rodari. Ilustracións de Montse Ginesta. Anaya

Alicia Paf sempre se mete en problemas dos que sae airosa. Vive nun mundo de fantasía no que tanto pode caer nunha páxina chea de ilustracións ou meterse nunha pompa de xabón.



Libros para nenas e nenos de 10 a 12 anos

75 consejos para sobrevivir en el colegio


María Frisa. Alfaguara

Sara ten 12 anos e pensa que a vida é moi dura a esta idade, polo que fai este manual de consellos co que pensa que axudará a sobrevivir nos malos momentos a outras nenas e nenos da súa idade.



O aprendiz de brujo e Os Invisibles


Jordi Sierra i Fabra; ilustracións de Francisco Ruizge. Rodeiro
Este texto, Premio Edebé de Literatura Infantil, cóntanos a historia de Mortimer, un neno de doce anos que traballa co profesor Haggath, un brujo que está a preparar unha poción moi difícil.



Mundo abisal

Virginia Romera Calleja. Ilustracións de Patricia Saavedra Guillín. Babidi-Bú

Lembras os libros interactivos de hai anos? Aqueles nos que podías escoller como seguir a aventura e mesmo o final? Neste caso, son catorce finais diferentes para a trepidante historia de Lidia, estudante de bioloxía e Damián, un cachalote varado na praia de Nantucket. Podes ser unha/un protagonista máis desta historia axudando a salvar o mundo abisal.



Os papacalcetíns


Pavel Srut. Ilustracións de Galina Miklinová. Sushi Books
Millóns de calcetins desaparecen cada día misteriosamente en todas as casas. Os responsables de que existan tantos calcetins desemparellados son uns peculiares personaxes: os papacalcetíns.



Prohibido leer a Lewis Carroll

Diego Arboleda. Anaya

A protagonista é unha rapaza moi simpática que desexa ser instituída. Lánzase á aventura tras ver un anuncio no xornal no que se buscan mozas que saiban mentir. O obxectivo non é outro que coidar dunha rapaza chamada Alice e tratar de quitarlle da cabeza a famosa obra de Lewis Carroll, "Alicia no país das maravillas". É un tema prohibido na casa, se se le a obra, comérase o motivo. Así que Eugène cambia a súa querida Francia por Nova York... A historia irá avanzando a través dunha serie de situacións divertidas.



Os Sabuxos divírtense no Museo Prohibido

Jaureguizar. Ilustracións de Matalobos. Xerais
Segunda entrega das vibrantes historias de Os Sabuxos: Nica, Sam, Pat e Norman, rapazas e rapaces moi espelidos que se deixan guiar pola súa grande curiosidade. No barrio da cidade de Chacote, onde viven, nunca ocorre nada. Até que un día quedan atrapadas/os nun lugar do que ninguén sabe: o Museo Prohibido!



¡Soy mala! las trepidantes aventuras de una niña con síndrome de Down

Xan Eguía. Asociación Participa para la Inclusión Social Mila está farta de que ninguén a teña en conta así que decide ser mala. Escapa da casa e vive as máis estrañas aventuras coa súa nova amiga Erizo.



Tom Gates: planes geniales (o no)

Liz Pichon. Bruño

O día a día de Tom na escola e na casa é unha sucesión de feitos divertidos, cando menos a maioría das veces.



Teatro infantil-xuvenil

Harry Potter y el legado maldito

Baseada nunha historia de J. K. Rowling. Idea orixinal e dirección, John Tiffany. Idea orixinal e dramaturxia, Jack Thorne
A saga do neno mago máis famosa do mundo tería finalizado en 2007. Dez anos despois chega esta obra de teatro, na que un Harry xa adulto, é pai de tres fillos. Esta obra estará protagonizada por un deles, Albus Severus Potter. Vaste perder este novo e emocionante episodio?



Manzanas rojas

Luis Matilla. Ilustracións de Federico Delicado. Anaya
Ainda existen mozos/as que se esforzan por amosar que á amizade entre persoas de diferente cor, raza ou relixión é posible no mundo.



Xogando con gatos

Antón Cortizas; ilustracións de Leandro Lamas. Xerais
Un canto para recuperar os xogos populares e a cultura lúdica tradicional cunha obra de teatro en catro actos cuns gatos e unha nena de protagonistas. Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2014. Unha opción distinta para o público máis novo.



Banda deseñada infantil e xuvenil

Dinosaurios en acción

Gerónimo Stilton. Planeta Junior

Os gatos piratas queren desfacerse dunha vez por todas do profesor Voltio. Secuéstrano e abandónano no Cretáceo. Gerónimo Stilton para salvar ao seu amigo terá que enfrontarse a dinosaurios e réptiles voadores.



El invierno

Charles M. Schulz. Kraken

Recopilación das aventuras de Snoopy e o seu amigo Charlie Brown relacionadas coa neve, o Nadal e outra chea de divertidas actividades de inverno.



Pablo & Jane: en la dimensión de los monstruos

José Domingo. Astiberri

Os irmáns Pablo e Jane, aburridos nunha chuviosa tarde de domingo, van explorar a misteriosa casa do outeiro onde atopan a increíbel Máquina de Aire Fantástico.



¡Sonrie!

Raina Telgemeier; ilustracións de Stephanie Yue. Moevo Joung

Os días de Raina énchense de novos e desafiantes acontecementos: liortas entre amigas, descubrimento do amor e un accidente que lle obrigará a poñer brackets dentais.



Super patata

Artur Laperla. Bang

Super Max, defensor da xustiza, é convertido en pataca polo pérfido Doutor Malévolo, quen ameaza tamén con mudar en patacas ao resto da poboación.




Álbum ilustrado para compartir

El barco volante y los personajes estrafalarios

Serenella Quarello y Lucie Müllerová. Edelvives

II Premio Internacional Álbum ilustrado Edelvives
O rei de Nosedondequeda, ansioso por atopar marido para a súa filla, fai pregoar o anuncio: O que sexa capaz de construír un barco que navegue sen auga e sen vento converterase no meu xenro.



Dip: más allá de la oscuridad

Eva Sánchez. Edelvives


IV Premio Internacional Álbum Ilustrado Edelvives
Os dips son bestas feroces de apetito voraz que se alimentan do sangue das vacas, das ovellas e dos humanos... Inquietante álbum ilustrado cunha imaxes que atrapan ao lector/a dende o primeiro momento.



Mona Lisa

Géraldine Elschner. Juventud

Angelo namorou da Mona Lisa nada máis entrar no museo e, por suposto, roubou o cadro.



Moletown. La ciudad de los topos

Torben Kuhlmann. Juventud

Moletown naceu nun enorme prado, a partir dunha pequena toupeira e dende aquela non deixou de medrar.